



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE UN PLAN DE MEDIDAS PARA FACER FRONTE Á SITUACIÓN DE EMERXENCIA DERIVADA DA INVASIÓN DE UCRAÍNA**

As excepcionais circunstancias internacionais dos últimos meses, evidenciaron aínda máis a importancia do custo da enerxía e das materias primas como elementos determinantes da competitividade empresarial e das economías familiares, no actual contexto de relacións comerciais globais. Por iso, o PSdeG-PSOE vén de impulsar nas institucións da nosa comunidade autónoma, a aprobación dun plan urxente de medidas económicas e sociais, co fin de facer fronte a esta situación de emerxencia, derivada da invasión de Ucraína ordenada por Vladimir Putin. É dun decálogo de actuacións básicas que permitan paliar as prexudiciais consecuencias desta guerra, sobre todo, aos colectivos e sectores máis afectados e ás persoas en situación de vulnerabilidade.

O prezo da electricidade, dos combustibles e da materia prima de determinados produtos descontrolouse, entre outras razóns, porque Rusia é un dos principais provedores de gas e petróleo para Europa, mentres que Ucraína é un dos maiores produtores de cereais ou aceite. Se a este contexto sumamos os efectos negativos de dous anos de pandemia da Covid-19 ou os rebrotes da enfermidade en China, situámonos ante un novo horizonte con claroscuros para a nosa economía, que ameazan a recuperación social e o crecemento económico do noso país.

Cómpre actuar de maneira urxente a todos os niveis administrativos, e, para iso, ao igual que a Unión Europea e o Goberno central presidido por Pedro Sánchez están a adoptar numerosos acordos para facer fronte á inestabilidade que afecta a todo o continente, desde o PSdeG-PSOE reclamamos medidas inmediatas nos ámbitos autonómicos e provincial, en harmonía co decálogo básico impulsado polos socialistas.

Tanto a Xunta de Galicia como a Deputación de Ourense contan con fondos e remanentes orzamentarios dabondo, que deben ser investidos de forma xusta e equitativa, en beneficio da veciñanza. No caso concreto da institución provincial, estamos ante un aforro histórico que alcanzou en 2021 os 48 millóns de euros. Os e as socialistas defendemos que as institucións públicas non somos bancos onde gardar *ad infinitum* o diñeiro público, especialmente en momentos históricos tan complexos como o actual.

No caso concreto da Xunta hai que recordar que, por exemplo, o 58 % dos impostos dos carburantes son transferidos á comunidade autónoma, polo que cremos que o goberno galego debe facer máis. Dentro das súas competencias estatutarias e da súa avultada capacidade económica, San Caetano ten que ser un axente moito máis activo nesta crise. Pola súa banda, as deputacións teñen a obriga legal de auxiliar, colaborar e cofinanciar ás entidades locais das súas provincias, algo especialmente necesario en situacións como a



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

actual e en provincias como Ourense, onde a meirande parte dos concellos son pequenos, sen capacidade de autofinanciamento e sen recursos extraordinarios.

A institución provincial, dentro de seu deber de auxilio e colaboración coas entidades locais, debe crear un **sistema de axudas enerxéticas aos concellos** ourensáns, a maioría sen apenas músculo financeiro, para que poidan encarar os importantes desaxustes económicos que sofren por mor do encarecemento do custo de enerxía. Por iso urxe contar cun plan enerxético provincial dotado dun 1 millón de euros, distribuído equitativamente.

Tamén consideramos fundamental que as entidades locais de Ourense **poidan habilitar unha partida orzamentaria co fin de actualizar os prezos das obras** en execución ou licitación, compensando así a importante subida de prezos debido á situación de encarecemento das materias primas e dos combustibles, agravada, nas últimas semanas, pola invasión de Ucraína. O sector calculou un incremento medio do custe das obras do 22,7 % no 2021, cifra que continúa a incrementarse neste 2022.

Resulta sorprendente que, nun territorio como Ourense, onde o sector agrogandeiro ten un papel clave na súa economía, a Deputación aínda non puxera o foco nos problemas deste sector que, nas últimas semanas, se viron agravados por esas mesmas razóns. Por iso reclamamos unha **liña de axudas directas e inmediatas para o sector primario e do transporte**, obrigado a facer fronte a un maior gasto económico derivado do abrupto encarecemento da enerxía, dos combustibles e de determinadas materias primas. Dotado inicialmente con 2 millóns de euros, este plan urxente debería poder ser ampliado en caso de necesidade.

Entre as medidas máis necesarias a nivel autonómico, defendemos a aprobación dun **plan galego de axudas directas dirixidas aos autónomos e profesionais**, co fin de compensar o aumento de custes do transporte. A posta en marcha desta liña urxente, permitiría costear a alza dos combustibles nos sectores da agricultura e a gandería, claves na nosa economía.

Igualmente habería que acordar unha **reformulación da Tarxeta Básica**, coa finalidade de incorporar ás familias refuxiadas procedentes de Ucraína. A súa vez, a Deputación Provincial debería **coordinar os labores de emerxencia e axuda ofrecida polas entidades locais de Ourense á poboación ucraína** obrigada a desprazarse.

Tamén debería ser aprobado un **plan social de axudas ás familias máis vulnerables**, triplicando a partida orzamentaria do bono social eléctrico, pasando de 1,9 a 6 millóns, o que permitía pasar de 5.000 a 15.000 o número de familias vulnerables beneficiarias, un sector da poboación que triplicou o seu número en Ourense nos últimos anos.

Outra medida fundamental pasaría por habilitar, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), un **fondo económico de avais e de liquidez**, que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína. Paralelamente, o goberno galego debería **colaborar coa rede exterior na identificación**



de novos mercados para o aprovisionamento de cereais e outras producións que poden ver interrompido o subministro a causa da invasión acordada por Vladimir Putin.

Así mesmo, cremos que a Xunta debe **apoiar e referendar o cambio na regulación do mercado eléctrico para a península ibérica**, no que traballan conxuntamente os gobernos de España, Portugal e a Unión Europea, para desvincular o prezo da enerxía eléctrica de familias e empresas do prezo do gas, facendo posible unha rebaixa significativa do custe final da electricidade. Tamén propoñemos demandar ás autoridades competentes a **redución das peaxes na rede eléctrica e de gas**.

Os e as socialistas defendemos a identificación e impulso legislativo por parte da Xunta, dos proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a **autosuficiencia enerxética a baixo custe, tanto para ámbito doméstico como para o aprovisionamento industrial**. É clave impulsar desde a administración autonómica un instrumento financeiro de participación e liderado no desenvolvemento destes proxectos estratéxicos.

O PSdeG-PSOE tamén reclama unha **redución no tramo autonómico do IRPF**, para aquelas persoas non obrigadas a presentar a declaración da renda, pero cuxos ingresos si están suxeitos a retención, así como negociar co Goberno central unha rebaixa paralela.

Dentro das competencias autonómicas figura a inspección técnica de vehículos. Por iso é fundamental acordar unha **rebaixa real (e non simbólica) das taxas da ITV**, acadando un 75% para os profesionais do transporte e un 50% de media, con carácter progresivo, para o resto dos usuarios e usuarias.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Deputación de Ourense a poñer en marcha as seguintes medidas, para facer fronte á situación de emerxencia derivada da invasión de Ucraína:
 - Aprobación dun plan enerxético dotado cun 1 millón de euros, para crear un sistema de axudas a concellos ourensáns co fin de afrontar os desaxustes económicos que sofren ou sufrirán polo encarecemento de enerxía.
 - Creación dunha liña de axudas directas para o sector primario e do transporte, obrigado a facer fronte a un maior gasto económico relacionado co abrupto encarecemento da enerxía, o combustible e determinadas materias primas, dotado inicialmente con 2 millóns de euros, pero que podería ser ampliado en caso de necesidade.
 - Habilitar unha partida económica que permita actualizar os prezos das obras en execución ou licitación da propia institución provincial ou dos concellos de Ourense, para compensar así a subida de prezos debido á situación de encarecemento das materias primas e combustibles.
 - Establecemento dun sistema de coordinación e colaboración dos labores de axuda ofrecida polas entidades locais da provincia á poboación de Ucraína.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

2. Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha as seguintes medidas, para facer fronte á situación de emerxencia derivada da invasión de Ucraína:
 - Aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables, que permita triplicar o financiamento do bono social eléctrico.
 - Reformulación da Tarxeta Básica para incorporar a persoas refuxiadas.
 - Plan autonómico de axudas directas aos autónomos e profesionais, co fin de compensar o aumento de custes do transporte.
 - Redución no tramo autonómico do IRPF.
 - Habilitar un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína.
 - Rebaixa real nas taxas da ITV.
 - Impulso lexislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética.
 - Aprobar a habilitación legal correspondente, en aplicación do decreto do 30 de marzo de 2022, para que as entidades locais da provincia de Ourense poidan habilitar unha partida co fin de actualizar os prezos das obras en execución ou licitación, compensando así a subida de prezos debido á situación de encarecemento das materias primas e combustibles.

3. Instar ao Goberno de España a adoptar as seguintes medidas, para facer fronte á situación de emerxencia derivada da invasión de Ucraína:
 - Aprobar, da man da Unión Europea, un cambio na regulación do mercado eléctrico para toda a península ibérica, que faga posible desvincular o prezo da enerxía eléctrica dos prezos do gas, facendo posible unha rebaixa significativa do custe final.
 - Rebaixar a imposición sobre hidrocarburos.

En Ourense, 13 de abril de 2022.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE